



RESOLUCION DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACION , IGUALDADE E PARTICIPACION

En xuño de 2023 foron aprobados definitivamente os Orzamentos municipais , figurando expresamente na Base 33 das de execución do orzamento subvención nominativa prevista para o AMPA CEIP Castro de Ouro para o proxecto adquisición de libros e material escolar (Infantil) cunha consignación orzamentaria inicial de 1.200 euros.

En data 25 de outubro de 2023 , n.º RE 831 se presenta por Rosana Fraga Paz , en representación da AMPA do CEIP, solicitude de subvención nominativa polo proxecto referido por importe de 993,45 no que se contempla a xa realizada adquisición de libros e material escolar , por un importe total de 993,45 euros.

Emitiuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións.

Realizouse a retención de crédito oportuna (2694) , figurando informe no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos .

En data 03 de novembro se incorpora polo servizo ao expediente certificado positivo da AEAT e ATIGA.

Figura no expediente informe no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos , así como informe de fiscalización favorable.

Considérase que o expediente 491/2023 seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, polo que en exercicio das competencias delegadas (decreto 453/2023, de 29 de xuño) RESOLVIN:

PRIMEIRO. Conceder ao AMPA CEIP Castro de Ouro de Alfoz, provisto de CIF G- 27424951 subvención nominativa por importe de 993,45 euros (novecentos noventa e tres euros con cuarenta e cinco céntimos de euro) polo proxecto: adquisición de libros e material escolar (infantil) curso 2023/2024.

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e pagamento por un importe de 993,45 euros con cargo ao capítulo IV do vixente orzamento de gastos da Corporación , da que existe documento de Retención de Crédito RC 2694 expedido por Intervención.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

CUARTO.- Dése conta da presente á Base Nacional de Datos de Subvencions.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica.

O Concelleiro Delegado de Educación, Igualdade e Participación.
Asdo. Eliseo Lorenzo García.

